

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñería Civil de Galicia para a mellora do sistema de alerta temperá de risco de inundación na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

1 Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2 A Fundación Enxeñería Civil de Galicia (FECG) é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, vinculada á Universidade da Coruña, constituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado, de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

3 Augas de Galicia comezou a implantar no ano 2004 un sistema de alerta temperá, chamado Artemis. O sistema Artemis está a funcionar, pero precisa dunha evolución (actualización e mellora tanto a nivel técnico como informático) de cara a incorporar todo o novo coñecemento que existe en relación co risco de inundacións, tanto por parte de Augas de Galicia como por parte da FECG, incorporando toda a información e as novas tecnoloxías que permitan ter unha maior precisión nas predicións.

Augas de Galicia no marco dos estudos realizados para minimizar o risco de inundación nas concas de Galicia-Costa, conta cunha mellor caracterización das concas, así como da súa perigosidade e vulnerabilidade.

Así mesmo as novas tecnoloxías radar, satélite..., ou modelos empregados tanto a nivel meteorolóxico como hidrolóxico ou hidráulico sufriron un desenvolvemento moi importante nos últimos anos. Nesta liña de traballo a FECG desenvolveu recentemente unha serie de estudos que, aproveitando a mellora en tempos de cálculo dos computadores e a computación paralela, permite realizar en tempo real cálculos que hai uns anos eran moi lentos, o que permite traballar con estes modelos de inundacións máis finos (moitos deles realizados en Iber, que é un modelo desenvolvido pola Universidade da Coruña, á que está vinculada a FECG), como parte do sistema de predición en tempo real.

Polo tanto existen unha serie de elementos que, de integrarse no Sistema de Alerta Temperá de forma conxunta, poderían mellorar significativamente as predicións e o funcionamento do Protocolo ante risco de inundación, contribuíndo a minimizar os efectos negativos producidos polas inundacións. A vinculación da información existente dos estudos realizados nas Áreas con Risco Potencial Significativo (ARPSIS) por Augas de Galicia cos modelos meteorolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como das ferramentas de seguimento en tempo real permitirá pechar o ciclo “técnico” da alerta hidrolóxica, xa que se se incorporan estes modelos á ferramenta de cálculo en tempo real pódese estimar con bastante fiabilidade o risco non só en termos de precipitación esperable e caudal que se producirá nun determinado punto, senón determinar en tempo real o risco existente en cada zona, determinando os elementos máis vulnerables.



4 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación de Enxeñería Civil de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 12 meses dende o día seguinte ao da súa formalización.

5 O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñería Civil de Galicia para a mellora do sistema de alerta temperá de risco de inundación na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

6 Considerando que as partes comparten un interese común e coincidente, a FECG non pretende con esta actuación acadar un beneficio económico, motivo polo cal Augas de Galicia só financiará á fundación en concepto de compensación dunha parte dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade. A entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de noventa mil euros (90.000,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento e o gasto imputarase á conta 6299 “Outros servizos” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2019: 45.000,00 €

2020: 45.000,00 €

7 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Augas de Galicia correspóndelle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

É de interese de Augas de Galicia e da FECG o traballo conxunto entre os técnicos de Auga de Galicia, que aportarán o seu coñecemento e experiencia na predición de eventos de inundación, e os técnicos da FECG, que buscaran novas liñas de traballo para dar resposta a estas necesidades, integrando as novas tecnoloxías. Así, a integración de todas as fases do estudo de inundacións nunha soa aplicación supón un traballo de innovación e investigación, que poderían mellorar significativamente as predicións e o funcionamento do Protocolo ante risco de inundación, contribuíndo a minimizar os efectos negativos producidos polas inundacións.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.





Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

O xerente de Augas de Galicia

Gonzalo Mosqueira Martínez

(asinado dixitalmente)

